


DÍA DAS TERRAS GALEGAS



Xosé María Álvarez Blázquez





Cronobiografía

1915 O 4 de febreiro nace Xosé María Álvarez Blázquez no número 11 da Rúa Elduayen de Tui (hoxe Paseo da Corredoira). É o terceiro dos seis fillos varóns que tiveron o médico pontevedrés Darío Álvarez Limeses e María Blázquez Ballester, nada Cuba e filla de cubana e levantino.

1931-1932 Trasládase a Pontevedra para estudar Maxisterio. Logo de publicar varios poemas en xornais de Pontevedra e Tui editase Abril, o seu primeiro libro de poesía, en castelán. Con Xoán Vidal funda a revista Cristal.

1934 Pronuncia en Pontevedra, a instancias de Alexandre Bóveda, o discurso "Berro en lembranza dos heróis de Canbal". Publicano as Mocidades Galeguistas, nas que milita.

1935-1936 Comeza a exercer a docencia na Guarda. Ingresna no Partido Galeguista e escribe o libro de relatos Os ruíns. Comeza Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, pero a guerra ponlle fin. En Tui, a resistencia republicana remata por sucumbir e o seu pai é un dos seus dirixentes: o doutor Darío Álvarez Limeses é fusilado o 30 de outubro. Xosé María é desterrado a Coreses (Zamora).

1941-1944 De novo en Vigo, Xosé María crea cos seus irmáns unha fábrica de ladrillos en Nigrán que un accidente obrigará a pechar en 1945. Nos anos corenta compaxinará diversos traballos coa literatura, a investigación e a arqueoloxía, chegando a dirixir numerosas escavacións en Vigo.

1945 A súa novela En el pueblo hay caras nuevas queda finalista do primeiro Premio Nadal.

1946 Casa con María Luísa Cáccamo Frieben, con quen terá a María Luísa (Colorín), Xosé María, Alfonso, Helena, Celso e Berta.

1948-1950 Abre con Luís Viñas Cortegoso a librería anticuaria Monterrey. Publicase na colección Benito Soto Poemas de ti e de min, dúas obras independentes que asinan Xosé María, unha, e o seu irmán Emilio, a outra. É nomeado membro correspondente da Real Academia Galega e Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo.

1950-1959 Funda a Editorial Monterrey, decisiva contribución ao clima de recuperación cultural que se vive en Galicia. Nesta editorial saen publicadas Roseira do teu menceir, dedicada a Colorín, Cancioneiro de Monfero e Romance do escritor pelerío. Tamén escribe a súa mellor obra lírica, Canle segredo, pola que recibe o Premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires e que non será publicada en Galicia até 1976. Publica tres novelas

en castelán e as súas escolmas de poesía galega medieval e dos séculos escuros.

1960 Publica La ciudad y los días, enorme corpus histórico sobre Vigo.

1964 Ingresna na Real Academia Galega co discurso "Cantares e romances vellos prosificados". Cos seus irmáns funda Edicións Castrelos, cuxa primeira colección é "Cuadernos de Arte Gallego".

1967 Tras vivir en Oviedo, a familia retorna a Vigo ao coñecer a grave doenza de Colorín. Alí, Xosé María profesionalízase como editor: nacen as coleccións "O Moucho" e "Pombal".

1968-1969 Regresa á docencia na Escola Náutico-Pesqueira de Vigo. Vai a Arxentina, convidado polo Centro Galego de Bos Aires, e a Venezuela, onde visita o seu sobriño Darío e o seu gran amigo Celso Emilio Ferreiro.

1970 Morre Colorín.

1971 Volve publicar prosa en galego: A pega rabilonga e outras historias de tesouros.

1976 É nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo. Publicase Canle segredo na colección "Pico Sagro" das Edicións Castrelos.

1977 A súa muller María Luísa contrae unha grave meninxite. Sobrevive, mais queda totalmente xorda.

1979 Morren o seu irmán Darío e Celso Emilio Ferreiro. Xosé María vén-delle a Galaxia todos os fondos de Castrelos, en ausencia de alguén a quen confiarlle a editorial.

1981 Noméano xefe do Departamento de Historia do Museo Quiñones de León, o Museo de Castrelos, e recibe o Pedrón de Ouro.

1982 Escribe o poema "Solpor".

1983 Retírase da docencia. Pecha simbolicamente a candidatura do Partido Galeguista ao Concello de Vigo. Unha doenza cardíaca impídelle continuar coa súa actividade.

1985 Logo de dous anos de enfermidade, Xosé María Álvarez Blázquez morre o 2 de marzo en Vigo.

1987 Publicase a súa Poesía galega completa, edición elaborada polo seu fillo Xosé María.

1995 Sae Sonetos del alba insomne, tamén a iniciativa de Xosé María Álvarez Cáccamo. O libro fora escrito entre 1955 e 1965.

2007 A Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras 2008.

Álvarez Blázquez e a literatura galega de tradición oral

Armando Requeixo

Xosé María Álvarez Blázquez, poeta, narrador, editor, arqueólogo, historiador, cronista e aínda erudito ensaísta, foi tamén un destacado estudoso e compilador da nosa literatura de tradición oral. En efecto, dende a decisiva plataforma publicista que representou para a cultura galega de Posguerra Edicións Castrelos, o escritor de Tui recolleu e divulgou numerosas monografías de carácter etnográfico nas que deu cabida a coplas, cantigas, romances, refráns, contos e lendas de tradición oral sobre os máis diversos temas, dende o relixioso ata o escatolóxico pasando polo puramente lúdico ou o sapiencial. Velaí libros da súa autoría como o Cancioneiriño da Virxe (1954), os Cantos de Nadal, Aninovo e Reis (1967), as Cantigas do viño (1968), o Libro do marisco (1968), o Refraneiro do viño (1968), O libro da caza (1967), O libro do porco (1967) e a súa ampla escolma de pregos de cordel e coplas de cego titulada xustamente Cantares de cego (1972).

Neste sentido, tamén algúns outros textos do autor, con non ser especificamente traballos de xorne literario tradicional, recolleron igualmente puntuais achegas desta natureza -así o seu Romerías gallegas (1951)- e houbo sempre pola súa parte unha especial querenza por tal materia, o que o animou a recuperar textos ben próximos a este mundo polo gnómico e popular como foron a versión galega do célebre Ciprianillo (1974) ou a compilación toponímica Os nomes da Terra (1976), que asinou co pseudónimo de Celso de Baión. Ora ben, de entre todas as expres-

sións da nosa literatura de tradición oral, non cabe dúbida de que Álvarez Blázquez evidenciou unha manifesta preferencia por dúas: os vilancicos ou vilancetes e mais os romances.

Dos primeiros ocupouse, á parte de na monografía Cantos de Na-

no que foi o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, Cantares e romances vellos prosificados, lido o 28 de novembro de 1964 e aínda hai só uns meses publicado por esta institución.

Ollado dende os nosos días, o labor de Álvarez Blázquez resulta de indiscutible valía, pois traballou arreo na recuperación e divulgación dun patrimonio tan importante como o da literatura galega de tradición oral nun tempo, o da cincuenta Posguerra, no que ben poucos se lembraron dela.

Fíxoo con máis acertos ca erros e, aínda que algunhas das súas pescudas e conclusións teñen sido logo revisadas, nada resta mérito á súa entrega a unha causa tan nobre como a da dignificación do saber popular levada a cabo nos textos que se citaron e aínda nalgúns outros non tan monográficos.

Xunto aos de Fermín Bouza Brey e Antón Fraguas, o nome de Xosé María Álvarez Blázquez figura en lugar de honra entre os daqueles que en plena Posguerra non esqueceron que un pobo que canta e conta é un pobo vivo. Outra maxistral lección do sabio tudense pola que paga a pena recordalo.

Evidenciou unha preferencia polos vilancicos ou vilancetes e mais os romances

dal... xa sinalada, en artigos como "El tema navideño en nuestra poesía" (publicado no xornal santiagués La Noche a noiteboa do ano 1949) ou na intervención radiada pola BBC de Londres "Presencia galega de Nadal" (29-12-1952). Da segunda deu conta en traballos como "O romance de <Silvaniña> en Galiza e Portugal" (1964) ou "Literatura popular en torno a Pardo de Cela" (1965), amais de



Álvarez Blázquez, nunha xunta ordinaria da RAG en 1968